

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO ACONDICIONAMENTO DA ÁREA DE XOGOS EXISTENTES NO XARDÍN DE CATASOL NA CIDADE DE LUGO.

Sendo as 14:00 horas do día 17 de setembro de 2015, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei, xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento e actuando como vocais don Manuel Regueiro técnico de parques e xardíns, don Marcial Rodríguez Tojas Interventor Xeral, dona Ana Saez Mancebo Letrada da Asesoría Xurídica e actuando como secretaria dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello

Abre a sesión o Sr. Presidente da Mesa e explica a Secretaria de que unha vez tramitado o expediente e requirida a empresa **UTE VILARIÑO-TOPYSA** para a presentación da documentación necesaria para a adxudicación do contrato, esta presenta a documentación solicitada pero existen dúbidas sobre a acreditación da solvencia técnica, motivo polo cal convocouse aos membros da Mesa de Contratación.

Dáse lectura á cláusula sexta dos pregos de cláusulas administrativas que dí:

“6.2 A **solvencia técnica** deberá ser xustificada de xeito obligatorio polos medios seguintes:

1º.- Relación dos principais **servizos ou traballos similares ós deste contrato** por un importe mínimo global de **70.000 euros** IVE incluído, nos últimos tres anos que inclúa o importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeto privado, mediante un certificado expedido por este, ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente.”

Dáse lectura asimesmo ao obxecto do contrato descrito no prego técnico que dí:

O acondicionamento da área de xogos implica levar a cabo o que segue por conta do adxudicatario:

- a.- Retirada da area existente, nivelado, estabilizado e compactado do terreo de asento, incluída a achega do material granular que sexa necesario para regularizar o terreo de asento.
- b.- Repintado, reparación e acondicionamento dos xogos e dos bancos existentes.
- c.- Instalación e colocación de 20 m de valado perimetral regulamentario, cartel indicativo modelo Concello de Lugo e instalación do pavimento amortecedor de seguridade, composto por pranchas de poliuretano expandido ou similar, xeotéxtil e

céspedede artificial antielectrostático co seu respectivo bordo perimetral de remate de céspede.

d.- Certificación da área de xogos infantil incluído o pavimento acerca do seu cumprimento coas normativas europeas UNE-EN 1176 e UNE-EN 1177 así como coas normativas autonómicas e locais referentes á seguridade das áreas de xogos infantís, realizada por entidade oficial e legalmente autorizada e con capacidade legal para emitir a dita certificación.

Acompáñase documentación gráfica do lugar de localización da área de xogos obxecto de intervención.

Tras examinar a documentación presentada por un dos compoñentes da UTE, esto é, ESTUDIOS TÉCNICOS TOPYSA S.L. resulta que xurden dúbidas sobre se pode terse en conta como traballos “similares aos que son obxecto deste contrato” os de “*Execución de obra de recuperación da dinámica fluvial e adecuación de zonas de cría...*”, os traballos de “*Mellora e acondicionamento da ruta denominada “Ruta do Río Donsal ..”* . Por outra banda, tamén acredita a realización de subministración e instalación de carteis e subministración e instalación de sinalización de obras, que en tanto que o obxecto deste contrato inclúe a instalación de valado e carteis podería considerarse traballos similares.

Por outra banda o outro membro da UTE, EXCAVACIONES LUIS VILARIÑO acredita a súa solvencia mediante a clasificación que resulta da inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia e non mediante unha relación de servizos similares

Esta empresa conta con clasificación nos grupos A, E , G e K. Descartado o grupo E por ser obras hidráulicas, podería considerarse “*similar*” a clasificación no grupo A subgrupo 1 por ser “*desmontes e vaciados*” ou o grupo G , subgrupo 5 e 6 por corresponder a “*sinalizacións e balizamentos*” e “*obras vias sen cualificación específica*” coa categoría esta última na “*d*” (anualidade media entre 360.000 e 840.000 euros) superando polo tanto o importe mínimo esixido nos pregos.

Hai que salientar que o contrato básicamente consiste en realizar traballos de repintado, reparación, instalación de valados e carteis.... que son perfectamente comprensivos dentro de unidades de obra para os grupos e subgrupos indicados.



Sobre esta substitución da solvencia pola correspondente clasificación pronúnciase o artigo 74 do TRLCSP que establece que “*A clasificación do empresario acreditará a súa solvencia para a celebración dos contratos do mesmo tipo que aqueles para os que obtivera e para cuxa celebración non se esixa estar en posesión dela*”

Por outra banda hai que en conta que por “*traballos similares*” non se pode entender que deban ser idénticos, xa que de entenderlo así só podería concorrer a esta licitación quen realizase traballos exclusivamente sobre zonas de xogos infantís vulnerando deste xeito o principio de libre concorrência e liberdade de acceso ás licitacións públicas. Por outra banda o principio de proporcionalidade debe procurar evitar a aplicación duns requisitos de solvencia tan estrictos e

restrictivos que exclúa da licitación a empresarios perfectamente capacitados para a execución do contrato ao que licita (sobre esta cuestión pronúnciase o Tribunal Administrativo Entral de Recursos Contractuais en resolución nº 528/2014 de 11 de xullo de 2014)

Por todo esto, á vista das prestacións que son obxecto deste contrato e tendo en conta os traballos realizados en conxunto por ámbalas dúas empresas os membros da Mesa entenden que a empresa **UTE VILARIÑO-TOPYSA** reúne as condicións de solvencia técnica esixidas por existir semellanza entre as prestacións que as empresas acreditan ter realizado e as prestacións obxecto do contrato.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE

Asdo: Xosé Manuel Cao Rei


A SECRETARIA

Asdo: Ana Tabarés Martínez

